

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: ORDEAR O APEO DA LEIRA SITUADA EN AVDA DE CONCES - FENE PARA O 27.07.2026 ÁS 12:00 HORAS - EXPEDIENTE 2026/X999/000352

O Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do 07.05.2026 acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar a incoación dun expediente de deslinde do ben inmovible situado entre as parcelas con referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S, situado na Avda. de Conces, Fene, cunha superficie computada inicial de 335,21 m2 cos lindeiros e definición xeométrica mediante coordenadas no sistema de referencia ETRS89/UTM establecidos no informe técnico do 20.04.2026 asinado pola arquitecta municipal, Beatriz Álvarez Fontela que obra no expediente.

O deslinde practicarase materialmente ás 12.00 horas do día hábil que resulte unha vez transcorridos 60 días a contar dende o seguinte ao que se publique o anuncio deste acordo, levantando a correspondente acta que se incorporará ao expediente.

SEGUNDO.- Notificar este acordo a Emilio Boado Mosquera e Pilar Pazos García, aos donos das leiras lindeiras e titulares doutros dereitos reais constituídos sobre as mesmas e publicar un edicto no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios do Concello, con indicación de que as persoas interesadas poderán presentar ante a Corporación cantos documentos estimen conducentes na proba e defensa dos seus dereitos ata os vinte días anteriores ao comezo das operacións. Transcorrido o devandito prazo non se admitirá documento nin alegación ningunha.

TERCEIRO.-Dende o día en que vence o prazo de presentación ata o anterior ao sinalado para iniciar o deslinde, a Corporación acordará o pertinente respecto aos documentos e demais probas.

CUARTO.-De non haber alegacións, a Alcaldía ordenará o apeo da leira, o cal consistirá en fixar con precisión os lindeiros da leira e estender a acta de deslinde.

QUINTO.-Iniciado o procedemento administrativo de deslinde, non poderá instarse procedemento xudicial con igual pretensión nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das leiras mentres non se leve a cabo devandito deslinde.”

O dito acordo foi notificado a Emilio Boado Mosquera e Pilar Pazos García e aos donos das leiras lindeiras tal e como consta no expediente.

O 26.05.2026 foi publicado anuncio no Boletín Oficial da provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello con indicación de que as persoas interesadas poderán presentar ante a Corporación cantos documentos estimen conducentes na proba e defensa dos seus dereitos ata os vinte días anteriores ao comezo das operacións.

Consta no expediente informe técnico asinado o 12.06.2026 pola arquitecta municipal Beatriz Álvarez Fontela relativo ao plano de delimitación do dominio público viario na estrada AC-115 proximidades PK 0+100 (ME), relativo ao ámbito obxecto do citado expediente de deslinde remitido o 02/06/2026 pola Axencia Galega de Infraestruturas no que, entre outras cousas indica, que o ámbito obxecto do expediente de deslinde e rectificación do inventario municipal non resulta afectado polo dominio público viario de titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas.

Consta no expediente informe asinado o 09.07.2026 pola auxiliar administrativa de Administración Xeral do Concello de Fene (A Coruña) que di: “Que consultado informáticamente os listados das distintas oficinas dos Rexistros Xerais de entrada de documentos deste Concello e, salvo erro ou omisión involuntaria, durante o período comprendido entre o 26.05.2026 e o 07.07.2026 non figura ningún documento rexistrado en relación ao anuncio de información pública (BOP núm. 97 do 26.05.2026) relativo ao acordo do Pleno do Concello de Fene para incoar un expediente de deslinde do ben inmovible situado entre as parcelas con referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S, situado na Avda. de Conces (Fene).”

REGULACIÓN XURÍDICA

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Os artigos 56 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais RBEL- dín:

“Artigo 56.

1. As Corporacións locais terán a facultade de promover e executar o deslinde entre os bens da súa pertenza e os dos particulares, cuxos limites aparecen imprecisos ou sobre os que existiesen indicios de usurpación
2. Os donos dos terreos lindeiros con leiras pertencentes ás Entidades locais ou que estivesen situadas dentro daquelas poderán reclamar o seu deslinde.

Artigo 57.

1. O deslinde consistirá en practicar as operacións técnicas de comprobación e, no seu caso, de rectificación de situacións xurídicas plenamente acreditadas.
2. Devanditas operacións terán por obxecto delimitar a leira a que se referisen e declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma.
3. Acordado o deslinde, comunicarse ao Rexistro da Propiedade correspondente, se a leira estivese rexistrada, para que se estenda nota do acordo na marxe da inscrición de dominio.

Artigo 58.

O expediente de deslinde iniciárase mediante acordo que se tomará previo exame dunha Memoria, na que necesariamente haberá de facerse referencia aos seguintes extremos:

- 1.º Xustificación de deslinde que se propón.
- 2.º Descrición da leira ou leiras, con expresión dos seus lindeiros xerais, dos seus situados (enclavados), colindancia e extensión perimetral e superficial.
- 3.º Título de propiedade e, no seu caso, certificado de inscrición no Rexistro da Propiedade, e, especialmente, informacións posesorias que, no seu caso, se practicasen e actos de recoñecemento referentes á posesión en favor da Entidade local dos bens que se tratase de deslindar.

Artigo 59.

De acordo á devandita Memoria elaborárase un orzamento de gastos de deslinde, sendo, no seu caso, estes gastos a conta dos particulares promotores. Neste suposto, deberá constar expresamente no expediente a conformidade dos mesmos.

Artigo 60.

Acordado o deslinde pola Corporación, notificárase devandito acordo aos donos das leiras lindeiras e tamén, no seu caso, aos titulares doutros dereitos reais constituídos sobre as mesmas.

Artigo 61.

1. Sen prexuízo daquela notificación, o deslinde anunciarase no «Boletín Oficial» da provincia, «Boletín Oficial» do municipio e no taboleiro de anuncios do Concello, con sesenta días de antelación á data fixada para iniciar as operacións.
2. O anuncio do deslinde deberá conter necesariamente os datos necesarios para a identificación de cada leira e a data, hora e lugar na que deberá de empezar.

Artigo 62.

1. Os interesados poderán presentar ante a Corporación cantos documentos estimen conducentes á proba e defensa dos seus dereitos ata os vinte días anteriores ao comezo das operacións.
2. Transcorrido devandito prazo non se admitirá documento nin alegación algunha.

Artigo 63.

Dende o día en que vence o prazo de presentación ata o anterior ao sinalado para iniciar o deslinde, a Corporación acordará o pertinente respecto aos documentos e demais probas.

Artigo 64.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

1. Na data sinalada dará comezo o apeo, ao que asistirán un técnico con título facultativo adecuado e os prácticos que, no seu caso, designase a Corporación.
2. O apeo consistirá en fixar con precisión os lindeiros da leira e estender a acta.
3. Na acta deberán constar as seguintes referencias:
 - a) Lugar e hora en que principie a operación.
 - b) Nome, apelidos e representación dos concorrentes.
 - c) Descrición do terreo, traballo realizado sobre o mesmo e instrumentos utilizados.
 - d) Dirección e distancias das liñas perimetrais.
 - e) Situación, cabida aproximada da leira e nomes especiais, se os tivese.
 - f) Manifestacións ou observacións que se formulasen.
 - g) Hora na que conclúa o deslinde.
4. No sitio onde se tivesen practicado as operacións, o Secretario da Corporación redactará devandita acta, que deberán asinar todos os reunidos.
5. Se non se poidera terminar o apeo nunha soa xornada, proseguirán as operacións durante as sucesivas ou noutras que se conviñesen, sen necesidade de nova citación, e por cada unha delas estenderase a correspondente acta.
6. Concluído o deslinde, incorporárase ao expediente a acta ou actas levantadas e un plano, a escala, da leira obxecto daquel.

Artigo 65. O acordo resolutorio de deslinde será executivo e só poderá ser impugnado en vía contencioso-administrativa, sen prexuízo de que cantos se estimen lesionados nos seus dereitos poden facelos valer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 66.

Iniciado o procedemento administrativo de deslinde, non poderá instarse procedemento xudicial con igual pretensión nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das leiras mentres non se leve a cabo devandito deslinde.

Artigo 67.

Unha vez que o acordo de aprobación do deslinde é firme, procederase ao amolloamento, con intervención dos interesados.

Artigo 68.

Se a leira da Corporación local a que se refire o deslinde estivese inscrita no Rexistro da Propiedade, inscribírase igualmente o deslinde administrativo debidamente aprobado, referente á mesma.
Se a leira da Corporación local non se achase inscrita, procederase á inscrición previa do título escrito adquisitivo da mesma, ou a falta deste, das certificacións previstas no artigo 36 deste Regulamento, inscribíndose, a continuación do devandito asento, o correspondente ao deslinde debidamente aprobado

Artigo 69.

1. As Corporacións locais promoverán o deslinde dos montes públicos catalogados da súa pertenza, que se practicará conforme as disposicións especiais que o regulan.
2. Salvo a excepción do parágrafo anterior, as Corporacións locais rexeranse por este Regulamento para practicar o deslinde das súas leiras, calquera que fose a natureza e características destas."

Visto o que antecede, que non se presentaron alegacións á incoación do expediente de deslinde do ben inmovible situado entre as parcelas con referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S, situado na Avda. de Conces, Fene, segundo as competencias conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Ordear o apeo da leira para o vindeiro luns 27 de xullo ás 12:00 horas o cal consistirá en fixar con precisión os lindeiros da leira e estender a acta de deslinde.

Segundo.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios do Concello.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, da que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C.D.: SmqaAiz2le0aHN+e9CfA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.fene.gal/>
C.I. F.: P-150 096 0-G

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).